



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE MAIO DO 2009

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Alcalde-Presidente
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Segundo Tenente de Alcalde
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. IRENE AGUIAR LALE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. MANUEL LOUREIRO LOUREIRO
Concelleiro

GRUPO P.P.

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO
Concelleira
DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO
Concelleira
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro
D. JOSÉ VICENTE VICENTE
Concelleiro
DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ
Concelleira

B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO (se incorpora á sesión ás 20:38 horas)

Concelleiro.

DNA. ISABEL RUIZ FERRO

Concelleira

CIDEGA

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS

Concelleiro

D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ

Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTORA

DNA. CELSA PÉREZ GIL

NON ASISTEN Á SESIÓN

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día sete de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Antonio Dono López, réunese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 2 DE FEBREIRO, 5 DE FEBREIRO E 5 DE MARZO DE 2009.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2009 (DO Nº 146 AO 319).
------	--

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 2 DE FEBREIRO, 5 DE FEBREIRO E 2 DE ABRIL DE 2009. Polo Sr. Alcalde-Presidente aclárase que por un erro de transcripción na Orde do Día desta sesión incluíuse, para a súa aprobación as actas de 2 de febreiro e 5 de febreiro cando a que realmente se somete a aprobación é a acta da sesión plenaria de 2 de abril de 2009 (as outras xa atópanse aprobadas).

A continuación, pregúntase aos asistentes se teñen algunha observación que formular á acta da sesión celebrada o día 2 de abril de 2009 e cuxo borrador se distribuíu coa convocatoria da presente.

Conformes todos os Concelleiros coa redacción da acta da devandita sesión, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente s correspondente ditame aprobado pola Comisión Informativa de Cultura.*

A continuación intervén a Concelleira do Partido Popular, Sra. Maïssa Rodrigo: *Imos a ver, na Comisión Informativa o grupo municipal do Partido Popular votou en contra da lista que presentou o Presidente da Comisión e imos manter o noso voto. Non temos nada en contra das persoas que están nesta lista que, seguramente, o van a facer moi ben e dedicarlle moito tempo, pero estamos en contra da maneira na que nos propuxeron os nomeamentos; non houbo consenso nin ningunha petición do noso parecer e por iso, por unha falta total de forma, imos manter o voto contrario a este nomeamento.*

Toma a palabra o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños: *Nós estamos de acordo, de feito votamos na Comisión a favor dos representantes propostos pero quería manifestar (se é posible que se recolla no contido da resolución ou acordo que se adopte aquí) aquela situación que se plantexou no CEIP de Figueroa á hora da baremación dos alumnos que solicitaron matrícula para este curso, onde houbo dous alumnos máis que as prazas vacantes ofertadas pola Consellería, tomándose un acordo polo Consello Escolar do Centro no que propuxemos ao Concello Pleno para que a través do Consello Escolar Municipal e da Delegación da Consellería de Educación (Inspección Educativa) se proceda á delimitación, de cara ao próximo curso, das áreas de influencia que existan máis ou menos definidas dándolle tamén cabida ás áreas limítrofes. Porque é unha determinación xenérica que a nós, no noso centro, temos que admitir alumnos tanto do caso urbano como do ámbito rural e, no ámbito urbano, temos un déficit para determinar cal é a área limítrofe. Entón pedimos que cando se constituía o Consello Escolar Municipal (que se reúne cos Concellos e á Delegación Provincial da Consellería para elaborar o Decreto de admisión, onde se limitan esas zonas limítrofes) se contemple o ámbito do Pérez Viondi e Figueroa, limitando esas zonas para despois non ter problemas á hora de resolver recursos e reclamacións como as que se presentaron nesta ocasión.*

Contesta o Sr. Alcalde: *Eu entendo que, en calquera caso, trátase dunha proposta pero non se pode incluír no acordo.*

Non habendo máis intervencións, se adopta, polos votos favorables do PSdeG-PSOE (9), BNG (2) e CIDEGA (2), e os votos en contra do PP (6), o seguinte ACORDO

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura do 21-04-09, acadado en virtude dunha presentación do Concelleiro Delegado de Cultura da proposta emitida polo PSdeG-PSOE para nomeamento de representantes municipais no Consello Escolar.

ACORDAMOS:

Nomear como representantes municipais no Consello Escolar Municipal ás seguintes persoas:

- Dna. Lourdes Dono Campos (Directora do IES A. Losada Diéguez)
- D. Marcelino Brea Mella (Representante de sindicatos)
- D. Alfonso Uzal Montero (Representante da A.C.E)
- Dna. Xosefina Pereiras Rivas (Representante de movementos de renovación pedagóxica)
- D. Enrique Otero Fernández (Director de centro privado)
- D. José Antonio Expósito Picallo (Representante de preescolar na casa)
- D. Francisco Javier Vilas Méndez (Representante das Asociacións de Veciños)

(Neste momento se incorpora á sesión o Concelleiro do BNG, D. Xoán Carlos Castro Blanco, sendo ás 20 horas 38 minutos)

FÓRA DA ORDE DO DÍA a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. López Doce, solicita a inclusión do seguinte asunto:

Sra. Raquel López Doce: *Eu, en primeiro lugar, vou a presentar en calidade de Concelleira de Medio Rural do Concello da Estrada unha moción que nos foi trasladada polas organizacións sindicais agrarias e pola Asociación Galega de Cooperativas Agrarias e que, a súa vez, foi trasladada ao resto dos grupos políticos municipais (PP e CIDEGA) na Xunta de Portavoces que tivo lugar o pasado martes e, polo tanto, entendo que xa coñecen o seu contido pero, en todo caso, dado que se trata dunha moción consensuada por todas as organizacións do sector e non é unha moción dun grupo político, considero (se así o estiman o resto dos grupos políticos municipais) que debo darlle lectura ao texto íntegro da moción ou, se non, pasamos directamente ás propostas de resolución.*

Eu creo que todos os membros desta Corporación somos conscientes da situación de gravidade e crise que vive o sector gandeiro en especial, de feito onte asistimos ao anuncio do peche dunha fábrica bastante significativa, PASCUAL, polo que creo que é necesario tomar todo tipo de medidas por parte das Administracións, especialmente polo Ministerio de Medio Rural e Mariño e pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. Ademais, o que piden as organizacións agrarias é que se apoie a súa táboa reivindicativa e as mobilizacións que en defensa desas reivindicacións se recollen na dita táboa e que consisten en:

Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño a adopción de medidas tendentes a:

- *Garantir a recollida para todo o leite ao longo de todo o territorio a prezos dignos e remuneradores que cubran os custes de produción.*

- *Un plan estratéxico para o sector lácteo que contemple medidas económicas, fiscais e de refinanciamento da débeda, cunha dotación orzamentaria axeitada onde se recolla a situación real do sector e se apoie a súa sostibilidade.*
- *Medidas reguladoras das relacións comerciais entre produtores, industrias e distribución que impidan que as importacións de leite marquen o prezo do leite producido aquí.*
- *Medidas que avancen na trazabilidade do produto, de tal xeito que o consumidor teña información acerca de onde foi producido o leite que está mercando.*
- *Medidas de apoio ás cooperativas de subministro de leite que son unha ferramenta socioeconómica clave para articular aos gandeiros coa finalidade de reducir custes de produción, ser máis eficientes e mellorar a súa calidade de vida. Así como o fortalecemento da figura das Agrupacións de Produtores Agrarios no seo das cooperativas.*
- *Coordinación do Ministerio de Medio Rural e Mariño coas Comunidades Autónomas dun programa de controis das prácticas anti-dumping a través dos Servizos Oficiais de Control correspondentes.*
- *Accións encamiñadas a lograr un maior equilibrio de forzas na cadea láctea que evite distorsións, fomentando a implantación dos instrumentos necesarios a fin de fortalecer a ordenación e concentración da oferta.*

Eu creo que esta táboa reivindicativa é asumible por todos e cada un dos grupos políticos que integran esta Corporación municipal, apoiando as mobilizacións que van a ter lugar nas cabeceiras de comarca cun peso moi importante do sector lácteo, como é o caso da Estrada, sendo isto no que fundamentan a urxencia desta moción e, dende logo, a necesidade de apoio por parte de todos os grupos políticos municipais.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Solicita a palabra o Sr. López Campos, Concelleiro do PP: Dende o Partido Popular queremos deixar claro o noso apoio incondicional ás reivindicacións efectuadas polos sindicatos e, sobre todo, polo sector lácteo en Galicia. Sabemos que está atravesando unha crise extremada, non só comparable á crise global de todos os sectores, senón acentuada, neste caso, no sector lácteo por determinados temas e problemáticas deste sector que obrigan a tomar medidas urxentes e contundentes para poder solucionar este problema que nos afecta directa e indirectamente a todos.

Tamén coincidimos un pouco en todo o análise que se fai do sector, pero non podemos esquecer que o problema deste sector ven motivado por unha mala xestión da cota láctea, nun primeiro momento, e dunha pésima negociación a posteriori da Ministra socialista en Bruselas, quen aceptou os incrementos porcentuais destas cotas lácteas en vez de ir a un incremento liñal de produción, o cal intensificou, nun momento, que os países máis produtores con excedentes tiveran, aínda tiveran máis produción e máis excedencia; polo que está claro que incrementar en ratios porcentuais a produción, os países que teñen máis produción, evidentemente, terán máis produción que os que teñen menos. Por encima Galicia xa sufría un desequilibrio entre a oferta e a demanda e eramos deficitarios á hora da oferta de leite con respecto á demanda e, por encima con esta negociación en Bruselas, estamos nunha situación peor á que estábamos antes. Todo isto ven porque se en Francia, Alemania e Holanda tiñan unha cota láctea de un millón de litros e lle incrementan o un por cento, estamos falando de dez millóns de litros ou dez mil litros, e se Galicia ten cen mil, estamos a falar dun incremento de mil, polo tanto o noso desaxuste e cada vez maior con eses países, o que permite que eses países que son excedentarios, poidan introducir leite no noso país cuns prezos máis baratos, xa que se non terían que tirar con el.

Iso é o que está a producir o desaxuste, polo que eu reitero as demandas do sector e creo que hai que facer un movemento de presión, tanto a nivel autonómico como a nivel municipal, institucional e público para facer comprender ao Ministerio e ao Goberno de España que esta situación é insostible e que o sector necesita medidas urxentes.

Por todo iso, nós imos a apoiar esa moción pedindo que ese apoio sexa unánime e que non quede so nun apoio formal dun Pleno, senón que sexa un apoio real, buscando solucións útiles para este sector.

Toma a palabra o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños: *Dende CIDEGA apoiamos esta moción, apoio que esperamos que sexa máis que institucional. Para non repetir os argumentos, porque creo que todos sabemos cal é a situación na que estamos e a que se debe, a parte desa nefasta negociación, cando foi o tema da cota láctea tamén, o goberno de Felipe González creou esa situación para favorecer a outras zonas agrícolas do país en detrimento do sector naval e do sector agrícola. Pero debemos de ter memoria histórica e recordar, sobre todo nós que somos fillos de labregos, que cando foi o tema da cota láctea houbo grupos políticos que tamén teñen moita responsabilidade hoxe da situación actual, debido aos seus comportamentos neses anos; e todos recordamos como o BNG da época e algún sindicato próximo á súa ideoloxía política, se fartaron de percorrer as instalacións gandeiras galegas advertíndolles de que non pedisen cota, porque o estado o que quería era ter un censo de explotacións para despois cargarlles impostos, e de tales logros tales males, ou de tales males tales logros, e, como consecuencia, estamos nunha situación moi crítica e moi grave para o sector.*

É evidente que nos últimos anos tampouco se fixo nada dende o goberno socialista para remediar a situación e esperemos que agora o novo goberno galego (ao que supoñemos boa intención, senón xa o criticaremos no caso) defenda o sector lácteo para garantir que siga sendo un dos sectores máis productivos do país.

Intervén a Concelleira do BNG, Sra. López Doce: *Eu, en ningún momento, quixen facer unha intervención con fondo partidario, xa que estas asociacións agrarias trasladáranos a moción noutro sentido, pero creo que nesta última intervención do Concelleiro de CIDEGA se citaron as teses que no seu momento sostivo o BNG e que son agora as que vostedes dan por certas, é dicir, non eran hipóteses senón tese. Entón, fíxose unha mala negociación da incorporación do estado español á Comunidade Económica Europea naquel momento, e Galicia non tiña peso político nin era prioritaria e, efectivamente, non se velaron polos nosos intereses e se deixaron a un lado para defender os intereses doutros sectores como o sector do viño, o sector do aceite, etc., son cuestións das que todos sabemos. Naqueles momentos o sistema de cotas prexudicaba ao sector en Galicia, e iso foi a labor na que coincidiron as campañas e contra das cotas do BNG e Sindicato Labrego Galego (supoño que será esta a organización sindical á que vostede se refería), pero tampouco debemos de esquecer que os dezaseis anos de goberno do Sr. Fraga tampouco axudaron moito ao sector, polo que creo que todos temos responsabilidades, un máis que outros, porque creo que iso de ver a palla no ollo doutro e non ver a viga no noso ollo é doado.*

En todo caso, creo que a situación do sector é crítica, cumpre que se tomen medidas e, sen entrar en máis cuestións de fondo, independentemente dos responsables de que esteamos nesta situación, é necesario poñerse a traballar e se tomen as medidas oportunas para garantir a viabilidade do futuro deste sector que, en definitiva, é o futuro do rural do noso país.

Toma a palabra novamente o Sr. Reboredo Baños: *Quedo sen argumentos, Sra. Concelleira, porque recoñece vostede o que plantexei. Vostede critica ao Partido Popular, pero naquel momento o que fixo as negociacións foi o Partido Socialista, que era o que tiña as competencias da negociación para entrar no Mercado Común, e a min agrádame escoitar que vostede recoñece que a decisión no tema da cota non foi nada agraciada, porque senón fora así a situación hoxe sería moi distinta, mala pero distinta xa que teríamos máis cota.*

A continuación, non habendo máis intervencións, se procede a votar a moción presentada, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

1º.- Apoiar publicamente a campaña que, en defensa da táboa reivindicativa que figura na exposición de motivos da moción conxunta presentada, están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO

GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA de cara á manifestación convocada para mañá venres 8 de maio nas capitais das comarcas galegas, en especial a que terá lugar ás 12:00 horas diante do Concello da Estrada, así como o apoio institucional do Concello aos gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.

2º.- Trasladar ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural o compromiso e o apoio da Corporación Municipal ás reivindicacións plantexadas polas organizacións agrarias e as cooperativas galegas para salvar da creba ao sector lácteo galego. Así mesmo, facer pública a esixencia ao citado Ministerio e Consellería para que active medidas urxentes de choque que despexen as incertezas de futuro dos gandeiros e gandeiras de Galicia.

Antes de tratar o seguinte punto, o Sr. López Campos manifesta: *Unha cuestión de orde, se mo permite. Eu quería facer unha intervención que creo que é xusta e necesaria tendo en conta a situación actual. Para o Grupo Municipal do Partido Popular o descrédito que está tendo o Concello e, concretamente, o Pleno nos últimos tempos, é dunha situación histórica que creo que non se dou nunca neste ámbito. No Pleno se debe de tratar, dialogar e consensuar temas que son transcendentais para os nosos veciños e para o noso Concello, pero nos últimos meses as Ordes do Días plenarias se reducen a rogos e preguntas e á aprobación das actas anteriores, sen ningún contido, ningunha información e ningún debate, polo que consideramos que se convoca por rutina pola falta de xestión deste goberno.*

Sorprendeunos moi negativamente que o goberno nos citara a unha Xunta de Portavoces corenta e dúas horas antes do Pleno para meternos con calzador catro mocións cando, dende logo, varias delas son relativas ao día das Letras Galegas cando todos sabemos cal é a situación e cal é a data concreta dese día das Letras Galegas. Por todo iso queremos que debemos de facer un xesto de amosar a nosa disconformidade e descontento co funcionamento da Corporación municipal na que todos nos incluimos, e o Pleno en concreto, como foro de debate e de diálogo. Polo tanto, quixemos estar presentes no debate da moción dos sindicatos e das organizacións do sector lácteo porque cremos que é de vital importancia, pero queremos trasladar aquí e solicitamos ao Sr. Secretario que os membros do grupo municipal do Partido Popular imos a renunciar á nosa consignación que nos corresponde por asistir a este Pleno e abandonamos o Pleno, non imos a seguir debatendo e, dende logo, entrar neste paripé que vostedes están xa a tomar como o habitual e, dende logo, nós, como signo de protesta e de inconformismo ante a actitude actual, e para proba están as actas dos últimos catro meses, as cales son irrisorias e non se lle poden amosar a ninguén.

Este grupo municipal do Partido Popular abandona este Pleno e esperamos que isto teña algún efecto positivo no goberno e que empecen a replantexarse moitas cousas na súa xestión.

Así mesmo, toma a palabra o Sr. Reboredo Baños, Concelleiro do BNG: *¿Vai a haber máis mocións fóra da Orde do Día?*

Contesta a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. López Doce: *Si.*

Continúa o Sr. Reboredo: *Entón, dende CIDEGA creo que non somos sospeitosos de non ser construtivos, cremos que deixamos mostra en máis dunha ocasión, e nós xa plantexamos o outro día na Xunta de Portavoces que non nos parecía correctos como se estaban a tratar estes temas, é dicir, cremos que a Xunta de Portavoces non está para debater e suplir as Comisións Informativas. Dixemos tamén que estábamos dispostos a que se convocasen con carácter de urxencia, ben para a tarde do mércores, ben para o xoves antes deste Pleno, as Comisións correspondentes para ditaminar estas mocións. Así tamén, estamos dispostos a acudir ao Pleno e votas as urxencias de todas esas mocións á vista dos ditames desas Comisións. Facémolo porque é o que a nós se nos está aplicando, é dicir, nós presentamos mocións a este Pleno que se nos rexeitan, envíanse a Comisión Informativa e*

logo debátense, ditamínanse e non se traen a Pleno, así pasou na última que trouxemos fai dous ou tres meses.

Por tanto, entendemos que este é un xogo que non nos parece correcto. É a primeira vez dende fai vinte o dezaseis anos que pasa isto. Porque as mocións, foran urxente ou non, levábanse a Comisión e foran rexeitadas ou non, incluíanse no Pleno para debater. Eu permitinme pescudar un pouquiño no ROF e non atopo ningún sitio onde se diga que as mocións que sexan rexeitadas nas Comisións Informativas non teñen porque ir ao Pleno, ademais o artigo 126 fai unha interpretación que é a seguinte:

“En los supuestos de urgencia el Pleno o la Comisión de Gobierno podrá adoptar acuerdos sobre asuntos no dictaminados por la correspondiente Comisión Informativa, pero en estos casos se deberá de dar cuenta del acuerdo adoptado por la Comisión Informativa en la primera sesión que se celebre. A propuesta de cualquiera miembro de la Comisión Informativa el asunto deberá de ser incluido en el Orden del Día del siguiente Pleno, en ejercicio de sus atribuciones de control y fiscalización.”

Entón, as mocións que presentamos nós ditamínanse e non veñen ao Pleno, polo que pedimos que se dea cumprimento ao artigo 126.

Díxosenos que non se podían convocar as Comisións porque non había tempo, porque o Sr. Secretario dixera que non era posible..., e é posible convocar a Comisión, porque a Comisión ten a facultade de ser convocada polo Sr. Alcalde ou o Presidente da mesma, debátanse, tomándose os acordos e despois inclúense na Orde do Día, esta sería a actitude positiva para chegar a acordos. Se seguimos así nós..... mire, apliquen vostedes o seu rodillo, están vostedes no seu dereito de facelo, pero nós vémonos coartados á hora de debater e aportar a esas mocións.

Polo tanto, tamén imos a abandonar este Pleno, porque entendemos que aquí non pintamos absolutamente nada, é dicir, para ser mingoneados deste xeito, preferimos dedicarnos a outras cousas e, sentíndoo moito, tamén quérolle dicir que o 17 de maio, día das Letras Galegas, vense celebrando neste país dende o ano 1963, polo tanto non veñan falando vostedes de urxencia senón que falen de improvisación. No tema da TDT.....

Falta o Sr. Alcalde: *O da TDT non vai a este Pleno.*

Continúa o Sr. Reboredo: *Ben, pois nós fixemos a súplica e vostedes non aceptan a nosa proposta, polo que nós non participamos nesta sesión plenaria. Boas noites Sr. Alcalde.*

Continuando coa sesión, FÓRA DA ORDE DO DÍA a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. López Doce, solicita a inclusión do seguinte asunto:

Ben, a moción que presenta este grupo do BNG consiste na adopción dos seguintes Acordos:

1º.- Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2º.- Apoiar o “Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego”.

3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación se procede a votar a moción presentada, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

1º.- Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2º.- Apoiar o "Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego".

3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela.

FÓRA DA ORDE DO DÍA o Sr. Otero Espiño, solicita a inclusión do seguinte asunto:

Neste mesmo senso, o Partido Socialista quere presentar outra moción tamén referida ao 17 de maio, día das Letras Galegas, no sentido de potenciar, dinamizar e defender esa lingua común, propoñendo a adopción dos seguintes Acordos:

1º.- Levar a cabo accións de apoio e respaldo ao uso do galego nos distintos niveis da administración municipal

2º.- Difundir a obra e figura de Ramón Piñeiro, sobre todo entre os nenos e nenas, para que o noso patrimonio cultural perviva e se manteña nas xeracións futuras.

3º.- Reafirmar o consenso como elemento central en torno ao cal deben elaborarse as políticas lingüísticas, porque a lingua une..

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación se procede a votar a moción presentada, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

1º.- Levar a cabo accións de apoio e respaldo ao uso do galego nos distintos niveis da administración municipal

2º.- Difundir a obra e figura de Ramón Piñeiro, sobre todo entre os nenos e nenas, para que o noso patrimonio cultural perviva e se manteña nas xeracións futuras.

3º.- Reafirmar o consenso como elemento central en torno ao cal deben elaborarse as políticas lingüísticas. A lingua une..

FÓRA DA ORDE DO DÍA o Sr. Alcalde, solicita a inclusión do seguinte asunto:

Quero someter a consideración o tema da renuncia do Concelleiro Sr. Loureiro Loureiro e propoño que se tomen os seguintes Acordos:

1º.- Tomar en consideración a renuncia ao cargo de Concelleiro de D. Manuel Loureiro Loureiro, e as renunciadas anticipadas de D. Marcelino Brea Mella e Dña. Elena Nogueira García.

2º.- *Sinalar que, a xuízo do Pleno do Concello de A Estrada, corresponde cubrir a correspondente vacante a Dna. Belén Louzao Vieites.*

3º.- *Remitir certificado deste Acordo á Xunta Electoral Central, a D. Manuel Loureiro Loureiro, a D. Marcelino Brea Mella, a Dna. Elena Nogueira García e a Dna. Belén Louzao Vieites.*

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación se procede a votar a moción presentada, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Vista a proposta presentada polo Sr. Alcalde, D. José A. Dono López de data 6 de maio de 2009.

Vista a renuncia ao cargo de Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Manuel Loureiro Loureiro, mediante escrito entregado na Secretaría do Concello polo propio interesado o pasado 4 de maio de 2009.

Visto que mediante o mesmo escrito, tamén se produciu a renuncia a acceder á condición de Concelleiros de D. Marcelino Brea Mella e Dna. Elena Nogueira García.

Vista a candidatura proclamada do PSdeG-PSOE ás últimas eleccións locais no Concello de A Estrada (publicación no Boletín Oficial da Provincia de 1 de maio de 2007); e visto que na mesma, o décimo candidato era D. Marcelino Brea Mella, a undécima era Dna. Elena Nogueira García e a duodécima era Dna. Belén Louzao Vieites.

Vista a sesión constitutiva do Pleno da Corporación de 16 de xuño de 2007, na que tomaron posesión os primeiros candidatos do PSdeG-PSOE que resultaron elixidos nas eleccións locais.

Visto o preceptuado na Lei Orgánica 5/85, Lei 7/85, RD 2568/1986 e Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

ACORDAMOS:

1º.- Tomar en consideración a renuncia ao cargo de Concelleiro de D. Manuel Loureiro Loureiro, e as renuncias anticipadas de D. Marcelino Brea Mella e Dna. Elena Nogueira García.

2º.- *Sinalar que, a xuízo do Pleno do Concello de A Estrada, corresponde cubrir a correspondente vacante a Dna. Belén Louzao Vieites.*

3º.- *Remitir certificado deste Acordo á Xunta Electoral Central, a D. Manuel Loureiro Loureiro, a D. Marcelino Brea Mella, a Dna. Elena Nogueira García e a Dna. Belén Louzao Vieites.*

O Sr. Alcalde, toma a palabra : *Eu quería agradecer ao Sr. Loureiro Loureiro a súa labor e o trato exquisito que tivo comigo durante o tempo que estivo neste Concello, agradecerlle tamén a maneira en que manifesta a súa renuncia, por motivos persoais ou laborais, e desexarlle o mellor e que, dende logo, siga contando co Alcalde e coa Corporación que traballa no Concello da Estrada, que asiste aos Plenos e que ten interese nos asuntos deste Concello, e que tes aquí un amigo para sempre, uns amigos para toda a vida.*

Os Concelleiros presenten ofrecen unha ovación ao Sr. Loureiro Loureiro a modo de despedida e en recoñecemento da labor prestada.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2009 (DO Nº 146 AO 319). Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 146 e 319 correspondentes ao o mes de marzo de 2009.

O Pleno queda sabedor.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai rogos nin preguntas por parte dos Concelleiros presentes na sesión.

Non habendo intervencións por parte do público asistente, levántase a sesión vinte e unha horas e tres minutos.

A Estrada, 7 de maio de 2009
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González